

Consumo das familias

COMUNICADO

**O 72,37% DOS FOGARES GALEGOS TEÑEN GASTO EN
TELEFONÍA MÓBIL**

**DIMINÚE A PORCENTAXE DE FOGARES GALEGOS CON
GASTO EN ALUGUEIRO**

**OS FOGARES GALEGOS QUE TEÑEN HIPOTECA
INVISTEN O 15,37% DOS SEUS INGRESOS NO SEU
PAGAMENTO**

Aumenta a porcentaxe dos fogares galegos con gasto en telefonía móbil

O 72,37% dos fogares galegos teñen gasto en telefonía móbil no ano 2005, o que supón un incremento con respecto ao ano 2004, no que a porcentaxe era do 69,43%. Pontevedra segue a ser a provincia que presenta a porcentaxe maior cun 77,34% de fogares con gasto no ano 2005 e Ourense a menor cun 58,78%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL				
	2002	2003	2004	2005
A Coruña	62,79	69,98	71,26	75,41
Lugo	56,14	58,75	63,04	65,21
Ourense	50,11	58,06	62,36	58,78
Pontevedra	63,67	69,57	72,89	77,34
Galicia	60,38	66,65	69,43	72,37

Fonte: IGE

A porcentaxe de fogares galegos con gasto en alugueiro diminúe no ano 2005

O 8,44% dos fogares galegos teñen gasto en alugueiro no ano 2005 fronte ao 9,46% do ano 2004. No tocante ás provincias, A Coruña é a que presenta a maior porcentaxe de fogares con gasto de alugueiro, o 10,73%, mentres que a menor porcentaxe corresponde a Ourense, cun 4,66%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUEIRO				
	2002	2003	2004	2005
A Coruña	10,76	11,68	10,30	10,73
Lugo	9,37	6,73	6,95	7,08
Ourense	8,25	7,07	8,02	4,66
Pontevedra	9,91	8,69	10,08	7,73
Galicia	9,95	9,41	9,46	8,44

Fonte: IGE

Pontevedra é a provincia que presenta a maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca

O 17,72% dos fogares galegos teñen gasto en hipoteca no ano 2005, porcentaxe similar á do ano 2004, que era do 17,77%, e tamén superior á dos fogares que teñen gasto en alugueiro.

Pódense apreciar as diferenzas entre as provincias galegas, son Pontevedra e A Coruña as que teñen unhas porcentaxes maiores comparadas coas de Lugo e Ourense. En todas as provincias a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca é maior cá de fogares con gasto en alugueiro.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA				
	2002	2003	2004	2005
A Coruña	16,20	18,68	19,56	18,73
Lugo	12,21	8,77	14,89	12,78
Ourense	11,18	10,17	13,00	11,02
Pontevedra	17,91	20,07	18,78	21,39
Galicia	15,49	16,58	17,77	17,72

Fonte: IGE

O gasto medio mensual do fogar en hipoteca é de 326,88 euros no ano 2005. A provincia que ten o menor gasto medio é Lugo con 280,40 euros. Pola contra, Pontevedra ten o maior gasto medio con 347,53 € mensuais.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA				
	2002	2003	2004	2005
A Coruña	313,37	378,51	340,06	322,89
Lugo	295,94	250,43	310,95	280,40
Ourense	287,03	297,22	284,73	306,17
Pontevedra	337,35	338,48	342,99	347,53
Galicia	317,62	346,88	332,13	326,88

Fonte: IGE

Os fogares galegos con gasto en hipoteca invisten o 15,37% dos seus ingresos no seu pagamento

No ano 2005 os fogares galegos que teñen hipoteca invisten o 15,37% dos seus ingresos no seu pagamento, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano 2004, que era do 15,84%.

Ourense presenta a menor porcentaxe de fogares con gasto en servizo doméstico

O 7,39% dos fogares galegos teñen gasto en servizo doméstico no ano 2005 polo 6,95% do ano 2004. Por provincias, A Coruña ten a porcentaxe máis elevada, mentres que Ourense ten a máis baixa, cun 8,33% e un 5,32%, respectivamente, no ano 2005.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN SERVIZO DOMÉSTICO				
	2002	2003	2004	2005
A Coruña	6,83	7,70	7,92	8,33
Lugo	6,21	8,14	5,47	6,37
Ourense	7,49	6,44	4,03	5,32
Pontevedra	8,56	8,37	7,60	7,52
Galicia	7,39	7,80	6,95	7,39

Fonte: IGE

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en: <http://www.ige.eu>
Correo electrónico: ige@ige.eu